

**Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA  
XUNTA DE GALICIA**

San Caetano s/n, 15781-Santiago de Compostela

D. Antón Masa Vázquez, co DI 33197669K e enderezo a efectos de notificación no apartado de correos 414 de Pontevedra (Código Postal 36080), como presidente da Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR)

**EXPÓN:**

Que, tendo coñecemento de que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia ten realizado ao traveso da súa páxina web CONSULTA PÚBLICA PREVIA RELATIVA Á LEI DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DE GALICIA, desexa formular -en forma e prazo- as seguintes

**ALEGACIÓNS**

1.- Tal como se recoñece no limiar do texto presentado a consulta, a Lei 1/1995 de Protección Ambiental da Comunidade Autónoma de Galicia ten sufrido sucesivas modificacións que a teñen deixado practicamente sen contido; con efecto, son moitas as normas legais que abordan esta temática, tanto a nivel do Estado Español como da Unión Europea, e poderemos citar a Directiva 2011/92/UE ou a Lei 21/2013. E fronte a esta evidencia, a Administración galega conclúe que se fai necesario elaborar unha nova Lei “propia” que regule no noso territorio o que está abondo regulado pola lexislación xeral!

Para nós, non se xustifica a necesidade de elaborar unha nova Lei cando existe normativa suficiente que, de se aplicar, abondaría para dar resposta á problemática que se pretende abordar na proposta. Debemos insistir en que a aplicación da normativa actualmente existente en materia de avaliación ambiental e reguladora dos impactos, pode garantir axeitadamente a prevención dos danos ambientais provocados polas instalacións potencialmente xeradoras de impacto no medio; o problema -máis unha vez- non se produce pola inexistencia de normativa, senón pola falta de vontade na súa aplicación e no control dos impactos.

2.- Adiántanse uns criterios xerais que permiten albiscar unha Lei que, lonxe de garantir a protección ambiental fronte aos proxectos empresariais que pretende regular, vai supoñer a diminución dos controis ambientais. A referencia explícita que se fai no apartado 1 do epígrafe III, que aborda os *OBXECTIVOS E FINALIDADE* da Lei proposta, baixo o título *Obxectivos e problemas que se pretenden solventar coa iniciativa*, non deixa lugar a dúbidas. Baixo unha formulación xenérica que recorre aos lugares comúns de “protección e mellora do medio ambiente”, o “desenvolvemento sustentábel” ou a “participación pública”, defínese de forma clara o que para nós é o verdadeiro obxectivo da proposta, a “simplificación administrativa e o interese pola consecución dos principios de axilidade e eficacia nesta materia”, un obxectivo que por máis que se pretenda “dulcificar” ao engadir “sen que isto supoña unha mingua do respecto aos valores

naturais e á riqueza do noso territorio”, vai supoñer unha rebaixa nos xa escasos niveis de control ambiental aos proxectos públicos e privados potencialmente daniños para o medio ambiente; entre outras razóns porque a pretendida simplificación administrativa vai supor a diminución da participación pública e, xa que logo, un recorte dos dereitos individuais e colectivos a intervir nestes procedementos.

E non debemos esquecer que xa na actualidade se observa que as avaliacións ambientais son excesivamente simples e case nunca recollen o conxunto do impacto que proxectos e plans van provocar e que son sempre as persoas e colectivos sociais quen, mediante as súas alegacións, revelan aspectos básicos non recollidos. Non procede xa que logo simplificar o procedemento que abondaría na insuficiencia do estudo de impactos nin a diminución de prazos de alegación, xa que dificultaría a exposición de danos e consecuencias ambientais non reflectidos nos estudos de impacto. Lonxe de concordar cos criterios propostos pola Administración, na APDR entendemos que estes prazos son xa excesivamente curtos e, contrariamente ao proposto, deberíanse ampliar, cando menos no que se refire á participación pública e aos informes dos organismos interesados. Ademais, debemos facer constar que os criterios de simplificación e redución de prazos recollidos no texto, entrarían en contradición cos existentes na normativa actual, que se vería desvirtuada.

3.- Non podemos obviar, tampouco, que no apartado 2 do epígrafe III, e baixo o título *Necesidade e oportunidade da súa aprobación*, fálase da “necesidade de refundir a regulación dispersa en distintos textos lexislativos...”, unha formulación que tamén se ten utilizado cando se propuxo a Lei de Prevención e control integrados da contaminación, que regula as Autorizacións Ambientais Integradas, e que levou -na práctica- a aumentar a permisividade das instalacións industriais no que fai ao cumprimento da normativa ambiental.

4.- Tampouco podemos agochar a nosa intranquilidade cando para xustificar a *Necesidade e oportunidade* de aprobar esta Lei, se fala de “facer compatible a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico, sempre no marco da norma básica de aplicación, que poidan facer mais competitivas ás empresas galegas”, unha clara referencia á adaptación do texto legal que se propón agora á Lei 5/2017 de Fomento da implantación de iniciativas empresariais en Galicia (a coñecida popularmente como Lei de depredación de Galiza), que implicaría a submisión dos criterios ambientais aos puramente económicos e, xa que logo, o afondamento naqueles aspectos máis lesivos para os intereses sociais.

E, para que conste, asina en Pontevedra a 30 de xaneiro de 2020